Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Veciñanzas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Aria, unha tempestaria asturiana do século XII

Nun manucristo de finais do século XII ou principios do XIII coñecido como "*Narratio de Reliquias a IIyerassolyma Ovetum usque translatis*" no que se narra o traslado das Santas Reliquias de Xerusalén a Oviedo, fálase da primeira nubeira asturiana da que hai noticia, unha muller chamada Aria que declara que na súa vida pagá exercera como *tempestiaria*. A tal Aria, logo de ser exorcizada e bautizada na catedral de San Salvador polo bispo Gunscellus, conta que uns sete anos antes viaxara polos aires gobernando o trebón e provocara en pleno agosto unha treboada tan grande sobre Oviedo que lles chegaba a auga ata os xeonllos aos veciños.



BIBLIOGRAFÍA

Bernardo Román MACÍAS PISANO. *Tempestiarios en el Noroeste Peninsular*, en www.celtiberia.net.